

# LUMIÈRE! COMEZA A AVENTURA

# 298

[Thierry Frémaux, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 20.10.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

*Lumière! L'aventure commence* (2016, 90')

**Dirección:** Thierry Frémaux

**Guión:** Thierry Frémaux

**Participación:** Thierry Frémaux, Auguste Lumière,  
Louis Lumière, Martín Scorsese

**Montaxe:** Thierry Frémaux, Thomas Valette

**Produtoras:** Centre National de la Cinématographie (Francia)

**Distribuidora:** Caramel Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.33:1

**Idioma orixinal:** Francés

## SINOPSE

En 1895, os irmáns Lumière inventaron o cinematógrafo e dirixiron algunhas das primeiras películas da historia do cinema. O documental, dirixido por Thierry Frémaux, director do Festival de Cannes desde 2001 e do Instituto Lumière de Lyon, ofrece unha selección de 108 filmes restaurados que nos mostran unha viaxe ás orixes do cinema. Son unha mirada única sobre Francia, a sétima arte e o mundo que inaugura o século xx.

«Non fai falla apresurarse co último éxito de billeteira: todo os efectos especiais que o cinema ten para ofrecer están neste filme»

Guillemette Odicino, TÉLERAMA



# LUMIÈRE! COMEZA A AVENTURA

[Thierry Frémaux, 2016]

★  
EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## O século dos Lumière

Thierry Frémaux  
e Bertrand Tavernier

No ano 2015, celebrouse o 120 aniversario do Cinématographe Lumière. Agora é o momento de proclamar o valor e a calidade cinematográfica dos filmes dos Lumière, así como reiterar a importancia daqueles «inventores» do cinema. Inventores entre aspas porque, sen menosprezar o grande acontecemento que sucedeu en Lyon-Monplaisir en 1895, debemos lembrar que un descubrimento tan universal como o cinema foi un longo proceso no que Muybridge, Marey, Demeny, Reynaud e Edison xogaron un importante papel. Os irmáns Lumière levaron a bo termo, maxistralmente, iso si, unha idea que, como dixo Louis Lumière, «estaba no aire». Así que diremos que estes pioneiros deron un paso de xigante coa creación da imaxe en movemento, mudaron a súa propia natureza ao dar a coñecer estas películas ao público, permitindo que descubriran a vida e proxectándoas nunha sala para que puideran ser contempladas.

Agora ben, non se tratou dun simple avance técnico. O Cinématographe resume a esencia do cinema. Esta selección de máis de 100 pequenos filmes confirma esta aseveración, ao dar a coñecer a obra dos Lumière como produto da inspiración creadora, dunha imaxinación e unha visión do mundo de valor incalculábel. O Cinématographe popularizou moi rapidamente as súas diferentes visións de masas de persoas

en movemento. Os Lumière fixéronse preguntas sobre a posta en escena, inventaron temas que inspiraron a miles de directores, enviaron camarógrafos aos catro recantos do mundo... e por todo iso foron auténticos cineastas.

Por iso mesmo podemos falar do século dos Lumière, o outro século das luces: o século de Louis, Auguste e Antoine, o pai. Unha obra que anuncia o futuro do cinema e conserva a súa inmensa forza nun momento no que a revolución das imaxes pasou a ser constante. Fiel ás palabras de Jean Renoir: «Con Lumière, non é a historia a que se revela, senón a vida». E a vida é algo máis profundo. Por iso estas películas son tan importantes: abren a porta á nosa imaxinación, precisamente ao que hoxe nos gusta chamar obra de arte.

## Algo parecido a un milagre

Maurice Pialat

Na historia do cinema hai numerosos exemplos de figuras excepcionais que de súpeto che fan comprender que vives algo extraordinario. As máis fermosas son as dos Lumière. E a cuestión non se limita ao feito de que inventaran a proxección de cinema.

Aquí prodúcese, efectivamente, algo parecido a un milagre. Como artista realista, Lumière é incomparábel. Pero para min os seus filmes son realmente fantásticos. É estraño porque este tipo de fantasía, que debera estar en todos os

filmes, desaparece despois. Esgotouse, desapareceu, porque despois todo se someteu a un proceso de elaboración.

O cinema dos Lumière mostra a vida como nunca a viramos antes... Hai algunhas películas de Edison pero, aínda que son sorprendentes, carecen de valor. O traballo dos Lumière non é o realismo; pertence ao milagroso. E, porén, ensinanos a realidade, por vez primeira. Así que hai unha inxenuidade e unha pureza que se perdeu desde entón.

## Unha fiestra ao infinito

Henri Langlois

Houbo un tempo en que o cinema xurdiu das árbores, estourou desde o mar, cando o ser humano coa cámara máxica paraba nas prazas, os cafés, cando as pantallas abrían unha fiestra ao infinito. Esa era época de Louis Lumière.

## De Stendhal a Flaubert

Jean-Luc Godard

Louis Lumière era herdeiro de Flaubert, a través dos impresionistas, mais tamén de Stendhal, cuxo espello sempre seguirá levando á beira do camiño.

Publicado en [www.caramelfilms.es/](http://www.caramelfilms.es/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

Correspondances (1890-1953)  
Auguste et Louis Lumière.  
Cahiers du Cinéma, 1994

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Abónatete  
e ven sempre  
por **4,5€**

Faite  
NUMAX!